

# OS COTOS

XANEIRO  
2026



B  
O  
N  
A  
D  
A  
L



B  
O  
2  
0  
2  
6



239 Folla  
informativa para  
a comunidade  
cristiá



## ATENCIÓN DE CÁRITAS:

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos,  
axudamos a quen nos pida unha man.  
Estamos no local da casa reitoral de Fornelos  
o xoves día 8 e 22 de dez a doce da mañá.

**"Un contiño para vivir"*****Que afortunados somos!!!***

Ás veces pasamos días sen parar, dun lado a outro, do traballo ao fogar, da casa a unha reunión, da reunión a unha cea, etc. Neste non parar non nos decatamos do afortunados que somos por poder facelo e sobre todo polo que temos, moito o pouco pero o temos.

A historia desta moza é desas que deben facer que polo menos deamos as grazas e se atopamos a alguén que precise de nós fagamos coma ese home e como nos di o noso pai do ceo:

"Tiven ao meu fillo aos 17 anos. As circunstancias fixeron que me separase do pai do meu fillo e quedei soa, sen o apoio dos meus pais. Eran tempos difíciles, e chegou un momento en que se nos acabaron todos os alimentos. Desesperada, saín co meu fillo dun ano en brazos a pedir diñeiro prestado a uns coñecidos, pero non mo deron.

Camiñaba chorando, sen saber que facer, cando un coche de luxo detívose e unha muller ofreceume levarme. Dubidei, pero baixo a choiva decidín aceptar. Con bágoas nos ollos, conteille a miña historia, e ela, ao escoitarme, díxome que tomase 100 euros que había no peto da súa chaqueta.

Sorprendida, pregunteille que debía facer con eles. Riu e díxome que ao día seguinte fose ao mercado para cambialos. Con ese diñeiro puideron pagar a gardería e conseguir un traballo. Aínda que non nos fixemos millonarios, estou eternamente agradecida a esa muller. Hoxe, o meu fillo xa ten 30 anos".

**Atopa oito palabras perdidas  
na sopa dos Reis Magos**

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| U | E | P | O | Q | T | G | V | N | E |
| F | G | B | Z | C | L | A | V | I | S |
| A | Z | X | M | E | O | S | R | N | T |
| R | F | Q | E | I | U | P | L | C | R |
| O | R | G | H | K | R | A | P | E | E |
| M | E | L | C | H | O | R | L | N | L |
| Z | C | B | G | R | T | Q | A | S | A |
| R | A | S | A | T | L | A | B | O | S |
| E | R | C | A | M | E | L | O | O | S |

administrador do tesouro, tesoureiro".

Atribúese este nome de Gaspar a un dos tres Reis Magos, o máis novo, que representa a Europa e ofrece incenso.

**O SANTO PARA O MES****en xaneiro****o día 6:****GASPAR**

É un nome de orixe persa ou iraniano. Derivado de "gazbar" que significa "que leva o tesouro,

**CONSELLO**

"A vida é en realidade  
moi sinxela,  
pero as persoas  
empeñámonos en complicalas"  
Confucio

## COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



21 de xaneiro

Día do abrazo e da aperta



Foi creado por Kevin Zaborney, preocupado polas poucas mostras de afecto que realizaba a xente.

Celebrouse por primeira vez o 21 de xaneiro de 1986 no pobo de Clio Town, Michigan.

As apertas achegan moitos beneficios tanto para a saúde tanto física como psicolóxica.

As apertas e os abrazos proporcionan seguridade e provocan pracer, e así, cada vez que abrazamos a alguén redúcese o noso estrés e gañamos calma, cubrimos as nosas necesidades emocionais e establecemos contacto humano, tamén aliviamos a timidez porque as persoas tímidas gañan confianza e son máis abertas, etc...



Como podemos celebrar ese día?.

Moi fácil, dando abrazos e apertas, comezando polos seres queridos e amigos, e podemos ir máis alá e dar algúns abrazos a descoñecidos.

Algo importante é que as palabras tamén abrazan, polo que no caso de que non teñamos xente fisicamente á que abrazar, podemos enviar unha mensaxe de afecto coas palabras axeitadas dando con elas unha gran aperta.

Palabras que soan como apertas e apertas que non precisan palabras



## O Papa Francisco: "Somos como os Magos"

"Nos, como os Magos, tamén estamos chamados a deixarnos sempre atraer, iluminar e converter por Cristo; este é o camiño da fe, a traves da oración e da contemplación das obras de Deus, que nos enchen continuamente de alegría e asombro para sempre".

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XANEIRO

|           |         |                  |                                                  |
|-----------|---------|------------------|--------------------------------------------------|
| DÍA<br>4  | LECTURA | Ef 1, 3-6. 15-18 | Por Xesús somos os fillos adoptivos de Deus      |
|           | EVANXEO | Xn 1, 1-5. 9-14  | En Xesús, Deus Pai plantou a súa tenda entre nós |
| DÍA<br>11 | LECTURA | Feit 10, 34-38   | Con Xesús pasar pola vida facendo sempre o ben   |
|           | EVANXEO | Mt 3, 13-17      | Xesús foi bautizado no río Xordán                |
| DÍA<br>18 | LECTURA | 1 Cor 1, 1-3     | Desexámosvos a graza e a paz do Deus de Xesús    |
|           | EVANXEO | Xn 1, 29-34      | Dinos Xoán Bautista que Xesús é o Fillo de Deus  |
| DÍA<br>25 | LECTURA | 1 Cor 1, 10-17   | Poñerse de acordo, lonxe das divisións           |
|           | EVANXEO | Mt 4, 12-23      | Xesús convida a seguir as súas pegadas           |